

- 3 Escribe oracións cos nomes destes elementos que se usan no parque acuático. RM.

Rompéronme as chanquetas e vou levalas ao zapateiro. ◀



▶ Usade protector solar para evitar as queimaduras do sol.

Coa calor que vai, ando todo o día en traxe de baño. ◀



- 4 Explica que cousas che gustan dos parques acuáticos e cales non che gustan. Para facelo, podes utilizar as palabras propostas. RM.

divertido  
perigoso  
esgotador  
emocionante  
ruidoso

Gústame pasar por todas as atraccións do parque acuático e  
bañarme en todas as piscinas. Penso que é moi divertido, aínda  
que estar todo o día xogando é esgotador. O que non me gusta é  
que non podes nadar tranquilamente porque hai moita xente, e  
tampouco podes botar unha sesta porque é moi ruidoso.

- 5 Localiza no texto tres palabras compostas, cópiaas e explica o seu significado.

**AUGADARRE** informa aos visitantes de que dispón dun servizo de **gardarroupa** ata a media noite. Tamén dispoñemos dun servizo de alugueiro de **parasoles** hamacas e chalecos **salvavidas** para meniños.

RM.

- Gardarroupa: lugar onde che gardan a roupa de vestir e cha devolven cando marchas.
- Parasoles: especie de paraugas moi grande que serve para protexerse do sol.
- Salvavidas: chaleco que flota na auga e fai flotar a persoa que o utiliza.

- 6 Marca só as palabras compostas.

- |   |   |  |  |  |
|---|---|--|--|--|
| <input checked="" type="checkbox"/> sacarrollas | <input checked="" type="checkbox"/> portaavións | <input checked="" type="checkbox"/> malgastar  | <input type="checkbox"/> varredor            | <input checked="" type="checkbox"/> pararraios |
| <input type="checkbox"/> porteiro               | <input checked="" type="checkbox"/> xirasol     | <input type="checkbox"/> azucreiro             | <input type="checkbox"/> piscina             | <input checked="" type="checkbox"/> contagotas |
| <input type="checkbox"/> socorrista             | <input checked="" type="checkbox"/> lavalouza   | <input checked="" type="checkbox"/> crebanoces | <input checked="" type="checkbox"/> pasamáns | <input type="checkbox"/> cirurxián             |